



Alberto Álvarez Lugrís (Melide, 1969). Tradutor e profesor de tradución inglés-galego na Universidade de Vigo. Secretario da Asociación de Tradutores Galegos. Membro do Seminario de Lingüística Informática. Coordinador da ONG Tradutores sen Fronteiras.

O Dicionario CLUVI inglés-galego

O pasado 29 de setembro tivo lugar na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo a presentación do *Dicionario CLUVI inglés-galego*, de consulta libre no enderezo <http://sli.uvigo.es/diccionario>. Este dicionario é un proxecto que o Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo comezou a desenvolver hai máis de cinco anos e que agora chega á

Un corpus de máis de 20 millóns de palabras no que se recollen textos orixinais e as súas traducións

súa segunda edición corrixida e aumentada, con 20.000 entradas, 30.000 acepcións e 60.000 exemplos. Trátase do primeiro grande dicionario bilingüe inglés-galego e vén encher un baleiro histórico na lexicografía galega, que carecía aínda dunha ferramenta destas características.

O trazo máis definitorio do CLUVI é que se trata dun dicionario feito a partir do Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo (CLUVI, de acceso libre en <http://sli.uvigo.es/CLUVI>), un corpus de máis de 20 millóns de palabras no que se recollen textos paralelos, é dicir, textos orixinais e as súas correspondentes traducións. No caso do

corpus CLUVI, temos orixinais e traducións en seis linguas: alemán, castelán, euskara, francés, galego, inglés e portugués; o dicionario elaborouse a partir das seccións que conteñen a combinación inglés-galego: TECTRA (subcorpus de textos literarios), LOGALIZA (de localización de software), VEIGA (de subtitulación de películas) e UNESCO (texto íntegro de 32 números d'*O Correo da Unesco* en inglés, francés, galego e castelán).

Partiuse do corpus etiquetado para establecer as equivalencias entre as palabras dos textos ingleses e as dos textos

As entradas poden incluír tamén unidades fraseolóxicas, americanismos, observacións gramaticais e de uso e notas de tradución; tódolos exemplos do CLUVI son reais, completos, contextualizados e identificativos

galegos, seleccionándoos despois en función da súa frecuencia de uso. Deste xeito, os lemas do dicionario CLUVI son todos aqueles que aparecen un mínimo de tres veces nas combinacións inglés-galego do corpus CLUVI. Despois de obter a lista de lemas, redactáronse as entradas ou artigos lexicográficos

correspondentes, que conteñen as posibles traducións galegas do lema inglés máis un exemplo de cada tradución. As entradas poden incluír tamén unidades fraseolóxicas (combinacións lexicalizadas do lema con outras palabras), americanismos, observacións gramaticais e de uso e notas de tradución. Cómpre

Lema	● →	blind	*
Categoría gramatical	● →	■ noun	
Tradución	● →	✓ persiana	
Exemplo de tradución	● →	EN <i>Then all through the house there would be a sense of doors slamming and blinds fluttering as if a gusty wind were blowing and people scudded about trying in a hasty way to fasten hatches and make things shipshape.</i>	
	● →	GL <i>En toda a casa reinaba a impresión de que as portas se batían e as persianas se axitaban coma se soprasen refachos de vento, e a xente andaba ás carreiras tentando pechar portelos e poñer-las cousas en orde.</i>	
Referencia bibliográfica abreviada da fonte (obra e número de frase)	● →	► Fonte: CAR (3219)	
	● →	✓ pantalla	
	● →	EN <i>To begin with, you must realize that me threatening letters were in the nature of a blind.</i>	
	● →	GL <i>Débese vostede decatar de que as famosas cartas ameazadoras non son máis ca unha pantalla.</i>	
	● →	► Fonte: ASA (5034)	
	● →	✓ cortina	
	● →	EN <i>The daylight without was already failing and, as it fell slowly through the dull red blinds, it seemed that the sun of the last day was going down and that all souls were being gathered for the judgement.</i>	
	● →	GL <i>A luz do día xa esmorecía e, mentres caía de vagar a través das cortinas vermellas e sombrías, semellaba que o sol do día derradeiro andaba a afundirse e que todas as almas estaban sendo reunidas para o xuízo.</i>	
	● →	► Fonte: Fonte: RET (2577)	

34 Análise

destacar que outra característica novidosa do CLUVI é que tódolos seus exemplos son reais, completos, contextualizados e identificados. É dicir, a diferenza doutras obras nas que se crean exemplos *ad hoc* para amosar determinados usos, o noso dicionario exemplifica sempre as distintas acepcións con citas tiradas do corpus CLUVI; son polo tanto usos reais da lingua, empregados por tradutores e tradutoras profesionais. Cada exemplo vai seguido sempre da súa referencia, para podérmolo identificar no corpus e na obra correspondente e se prememos nela dirixirásenos á listaxe de obras que compoñen o corpus. No seguinte gráfico presentamos os elementos dunha entrada tipo: *

Como se pode ver, a microestrutura do CLUVI é semellante á doutros dicionarios bilingües, pero dásele máis importancia ás traducións dos lemas e ós exemplos de contextualización. Se analizamos detalladamente a estrutura interna dos artigos, podemos reparar en que os seus elementos constituintes amosan certa variabilidade, reflexo da heteroxeneidade e das irregularidades da lingua inglesa. Así por exemplo, destácanse no dicionario os casos de lemas con flexión irregular, como no caso de *louse*:

louse

- noun
- Pl: lice
- pioillo

ou as diferenzas entre as formas tipicamente británicas e estadounidenses:

plead

- intransitive verb
- Este verbo é irregular en inglés americano, adquirindo a forma *pled* para o pasado e o participio. En inglés británico, simplemente engade *-ed*.

jumper

- sweater
- noun
- xersei

humour

- humour
- noun
- humor

lorry

- truck
- noun
- camión

Nestes e noutros casos nos que o lema amosa variantes formais, o dicionario conta con xogos de referencias cruzadas, de xeito que a busca por calquera das variantes vai obter sempre como resultado tódalas formas posibles de cada lema.

En casos nos que o lema amosa variantes formais, o dicionario conta con xogos de referencias cruzadas, de xeito que a busca por calquera das variantes vai obter sempre tódalas formas posibles de cada lema

Poden acompañar os lemas, ademais, diversas notas sobre os seus usos en inglés, que serven para delimitar máis correctamente o sentido que se lle dá á palabra en cada caso:

must

- modal verb
- A diferenza entre *must* e *have to* radica en que o modal designa unha obriga imposta polo suxeito, unha obriga interna, mentres que *have to* expresa obrigas externas. EX: I *must* finish my work today > *Debo* rematar o traballo hoxe (é un deber que me propono); You *have to* drive on the right > *hai que conducir* pola dereita (obriganme as leis nacionais).

gallon

- noun
- galón (4.55 litros)

O CLUVI informa das mudanzas ortográficas da última reforma normativa do ano 2003 e advirte sobre erros de lingua habituais, como algúns castelanismos moi estendidos

O CLUVI ofrece tamén información ortográfica, morfolóxica e de uso sobre as traducións galegas dos lemas. Infórmase, por exemplo, das mudanzas ortográficas da última reforma normativa do ano 2003. Téñase en conta que moitos dos textos do corpus CLUVI dos que se tiran exemplos son anteriores a esta reforma, polo que as advertencias son sempre oportunas:

hassle

- noun
- conflicto
- A forma ortográfica correcta deste termo é *conflicto*. Na normativa anterior a , a forma ortográfica correcta era *conflicto*, que é a que se recolle no exemplo.


service

- noun
- servizo
- A forma ortográfica correcta deste termo é *servizo*. Na normativa anterior a 2003, a forma ortográfica correcta era *servicio*, que é a que se recolle no exemplo.


Recóllense do mesmo xeito variantes ortográficas admitidas dende 2003:

impregnable

- adjective
- inexpugnable, ·inexpugnábel




De grande axuda cremos que poden ser as advertencias sobre erros de lingua habituais, como algúns castelanismos moi estendidos:




Canto ó caudal léxico recollido neste dicionario, procurouse incluír, ademais do que poderíamos chamar léxico estándar ou común da lingua inglesa (e galega), outros grupos de palabras como:


a) palabras de creación recente ou con novos significados, procedentes sobre todo dos campos das tecnoloxías da información e algunhas disciplinas científicas:



b) nomes propios de persoa, país, cidade, ríos, mares, etc.; é dicir, termos enciclopédicos máis que lexicográficos:




c) termos especializados que chegan á lingua común a través dos textos de divulgación científica:



Polo que respecta ó contido das entradas, cabe destacar, por último, a sección de fraseoloxía, que nalgúns casos, como os dos *phrasal verbs*, chega a ser moi amplo. Consúltese por exemplo a entrada do verbo *go*, que contén doce unidades deste tipo cun total de dezasete traducións.

Para realizar as buscas no dicionario, a interface de consulta ofrece unha caixa onde podemos escribir o termo ou a cadea de caracteres (fragmento de palabra) que queremos buscar, xunto cunha serie de botóns para indicar a dirección da busca (inglés-galego ou galego-ínglés) e se desexamos buscar palabras completas ou tódalas palabras que comecen pola cadea indicada:



Está previsto que a editorial Reverso faga unha edición do CLUVI en papel en xaneiro do ano 2009

Como primeiro resultado da consulta obteremos unha listaxe de tódolos lemas que comezan coa cadea introducida na caixa de texto, a partir da cal podemos ir ós artigos completos correspondentes:

Resultado da procura:

- + **haemoglobin**, hemoglobina ... >>>
- + **haemophilia**, hemofilia ... >>>
- + **haemophilic**, hemofílico ... >>>
- + **haemorrhagic**, hemorráxico ... >>>

Dende o Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo agardamos que sexa unha ferramenta útil tanto para estudantes e usuarios de inglés de tódolos niveis como para os profesionais da tradución e da interpretación, que ata agora tiñan que recorrer a "dicionarios ponte" inglés-portugués ou inglés-castelán. Agardamos tamén tódalas críticas e suxestións que os usuarios nos fagan chegar e que sen dúbida contribuirán a mellorar a súa calidade en futuras edicións. Está previsto que a editorial Reverso faga unha edición do CLUVI en papel en xaneiro do ano 2009.



UNIVERSIDADE DE VIGO